

# TEMPO DE NADAL



Día 25 de decembro

## NACEMENTO DO SEÑOR

13.-

### MISA DA VIXILIA

Estas lecturas empréganse na misa vespertina do día 24 de decembro, xa sexa antes ou despois das primeiras Vésperas de Nadal.

#### PRIMEIRA LECTURA

**O Señor puxo en ti a súa compracencia**

Lectura do libro do profeta Isaías 62, 1-5

Por amor de Sión non calarei,  
por amor de Xerusalén non acougarei,  
ata que rompa coma o día a súa xustiza,  
e alumé coma unha lámpada a súa salvación.

Os pobos verán a túa xustiza  
e tódolos reis a túa gloria,  
chamaráseche cun nome novo,  
que a boca do Señor pronunciará.

Serás coroa preciosa na man do Señor,  
diadema rexia na man do teu Deus.

Non se che volverá a chamar «Abandonada»,  
nin á túa terra «Desolada».

A ti han chamarche «Miña predilecta»,  
e á túa terra «Desposada»,  
porque o Señor comprácese en ti,  
e a túa terra vai ter esposo.

Como casa un mozo cunha virxe,  
casa contigo o teu Constructor.

O gozo que sente o noivo pola noiva,  
sentirao o teu Deus por ti.

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial Sal 88, 4-5. 16-17. 27 e 29 (R.: cf. 2a)**

R.: Cantarei eternamente a misericordia do Señor.

Co meu elixido asino unha alianza,  
ó meu servo David fágolle un xuramento:  
«Afincarei a túa liñaxe para sempre,  
construireiche un trono duradeiro.» R.

Feliz o pobo que sabe aclamarte  
e camiñar, Señor, na luz da túa presencia.  
O teu nome fai a súa ledicia o día enteiro,  
a túa xustiza é a súa gloria. R.

El dirame: «Ti es meu pai,  
meu Deus, rocha da miña salvación.»  
Gardareille o meu amor eternamente  
e a miña alianza con el será leal. R.

## SEGUNDA LECTURA

### **Testemuño de Paulo acerca de Cristo, Fillo de David**

Lectura do libro dos Feitos dos apóstolos 13, 16-17. 22-25

En chegando Paulo a Antioquía de Pisidia, levantándose na sinagoga, acenoulles coa man e dixo:

—«Israelitas e os que seguides ó noso Deus, escoitade: o Deus deste pobo de Israel escolleu a nosos pais e engrandeceu este pobo durante o seu exilio na terra de Exipto. Despois tirounos de alí coa forza do seu brazo.

Despois que o refugou, deulles por rei a David de quen testemuñou dicindo:

“Atopei a David, fillo de Iexé,  
home conforme ó meu corazón,  
que fará en todo a miña vontade.”

Da súa descendencia é da que Deus, segundo a promesa, mandou un Salvador para Israel: Xesús.

Antes da súa chegada, Xoán tiña proclamado a todo o pobo de Israel un bautismo de conversión, e cando estaba rematando o seu camiño, dicía: “Non son eu quen vós pensades; pero mirade, vén despois de min un de quen non son digno nin de desatarlle o calzado dos pés.”»

Palabra do Señor.

**Aleluia**

**Se non se canta, pódese omitir.**

Aleluia, aleluia.

Mañá será erradicada a iniquidade da terra:  
e reinará sobre nós o Salvador do mundo.

Aleluia.

## EVANXEO

### **Xenealoxía de Xesús Cristo, Fillo de David**

#### **+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 1, 1-25**

Libro da xenealoxía de Xesús Cristo, fillo de David, fillo de Abrahán. Abrahán enxendrou a Isaac. Isaac enxendrou a Xacob. Xacob enxendrou a Xudá e mailos seus irmáns. Xudá, de Tamar, enxendrou a Peres e mais a Zarán. Peres enxendrou a Esrón. Esrón enxendrou a Arán. Arán enxendrou a Aminadab. Aminadab enxendrou a Naasón. Naasón enxendrou a Salmón. Salmón, de Rahab, enxendrou a Booz. Booz, de Rut, enxendrou a Obed. Obed enxendrou a Iexé. Iexé enxendrou ó rei David.

David, da que foi muller de Urías, enxendrou a Salomón. Salomón enxendrou a Roboam. Roboam enxendrou a Abías. Abías enxendrou a Asá. Asá enxendrou a Ioxafat. Ioxafat enxendrou a Ioram. Ioram enxendrou a Ozías. Ozías enxendrou a Ioatán. Ioatán enxendrou a Acaz. Acaz enxendrou a Ezequías. Ezequías enxendrou a Menaxés. Menaxés enxendrou a Amón. Amón enxendrou a Ioxías. Ioxías enxendrou a Ieconías e mailos seus irmáns, en tempos da deportación a Babilonia.

Despois da deportación a Babilonia, Ieconías enxendrou a Xealtiel. Xealtiel enxendrou a Zerubabel. Zerubabel enxendrou a Abiud. Abiud enxendrou a Eliaquim. Eliaquim enxendrou a Asor. Asor enxendrou a Sadoc. Sadoc enxendrou a Aquim. Aquim enxendrou a Eliud. Eliud enxendrou a Elazar. Elazar enxendrou a Matán. Matán enxendrou a Xacob. Xacob enxendrou a Xosé, esposo de María, da que naceu Xesús, chamado Cristo.

Foron, logo, catorce as xeracións desde Abrahán ata David, catorce tamén desde David ata a deportación de Babilonia, e catorce desde a deportación de Babilonia ata Cristo.

O nacemento de Xesús Cristo foi así:

María, a súa nai, estaba prometida a Xosé; e antes de viviren xuntos apareceu ela embarazada por obra do Espírito Santo. Xosé, o seu prometido, home xusto, non a querendo aldraxar, decidiu repudiala secretamente. Tal era a súa resolución, cando o anxo do Señor se lle apareceu en soños, dicíndolle:

—«Xosé, fillo de David, non repares en levar contigo a María, a túa prometida; que o que nela se concibiu é obra do Espírito Santo. Dará a luz un fillo, e ti poñeraslle de nome Xesús, porque salvará o seu pobo de tódolos seus pecados.»

Todo isto aconteceu para que se cumprise o que dixerá o Señor por boca do profeta:

«Mirade: a virxe concibirá e dará a luz un fillo,  
poñeranlle de nome Emmanuel  
(que quere dicir “Deus connosco”).»

Acordou Xosé do seu soño, e fixo tal como lle mandara o anxo do Señor, levando consigo á súa prometida; e sen que a tocase, ela deu a luz un fillo. E el púxolle de nome Xesús.

Palabra do Señor.

Ou máis breve:

**María dará a luz un fillo, e poñeraslle de nome Xesús**

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 1, 18-25

O nacemento de Xesús Cristo foi así:

María, a súa nai, estaba prometida a Xosé; e antes de viviren xuntos apareceu ela embarazada por obra do Espírito Santo. Xosé, o seu prometido, home xusto, non a querendo aldraxar, decidiu repudiala secretamente. Tal era a súa resolución, cando o anxo do Señor se lle apareceu en soños, dicíndolle:

—«Xosé, fillo de David, non repares en levar contigo a María, a túa prometida; que o que nela se concibiu é obra do Espírito Santo. Dará a luz un fillo, e ti poñeraslle de nome Xesús, porque salvará o seu pobo de tódolos seus pecados.»

Todo isto aconteceu para que se cumprise o que dixerá o Señor por boca do profeta:

«Mirade: a virxe concibirá e dará a luz un fillo,  
poñeránlle de nome Emmanuel  
(que quere dicir “Deus connosco”).»

Acordou Xosé do seu soño, e fixo tal como lle mandara o anxo do Señor, levando consigo á súa prometida; e sen que a tocase, ela deu a luz un fillo. E el púxolle de nome Xesús.

Palabra do Señor.

---

14.-

## MISA DA NOITE

### PRIMEIRA LECTURA

#### Déusenos un Fillo

Lectura do libro do profeta Isaías 9, 1-6

O pobo que camiñaba na escuridade, viu unha gran luz.  
Unha luz brillou sobre os que habitaban  
no país das sombras da Morte.  
Multiplicáche-lo xúbilo, fixeches grande a ledicia.  
Alegráronse coa túa presencia, como coa alegría da seitura,  
o mesmo que saltarán de xúbilo ó repartiren o botín.  
Velaí o xugo da súa carga e o varal do seu ombreiro  
—o bastón de quen o oprixe—:  
rompíchelos coma o día de Madián.  
Pois toda bota que tropeza con ruído,  
e todo manto cuberto de sangue  
serán para a queima, serán pasto de incendio.  
Pois velaí que nos naceu un meniño, déusenos un fillo:  
a soberanía estará sobre o seu ombreiro,  
e será invocado con estes seus nomes:  
«Marabilla de conselleiro, Heroe divino,  
Pai eterno, Soberano da Paz.»  
Oh, ¡que grande a súa Soberanía!  
A paz non terá fin no trono de David e no seu reino,  
para afincalo e para afirmalo, co derecho e coa xustiza,  
desde agora e para sempre.  
O celo do Señor dos Exércitos fará isto.

Palabra do Señor.

**Salmo responorial Sal 95, 1-2a. 2b-3. 11-12. 13 (R.: Lc 2, 11)**

**R.:** Hoxe naceunos un Salvador, o Mesías, o Señor.

Cantádelle ó Señor un cántico novo,  
cantádelle ó Señor, a terra enteira;  
cantádelle ó Señor, bendicíde o seu nome. **R.**

Pregoade tó dolos días a súa salvación.

Anunciade entre as xentes a súa gloria;  
ante tó dolos pobos, as súas marabillas. **R.**

Alégreñense os ceos, exalte a terra,  
resoe o mar e canto o enche,  
relouquen os campos e todo o que hai neles.  
Alédense as árbores todas do bosque. **R.**

Diante do Señor que vén,  
que vén para rexela terra.  
El rexerá o mundo con xustiza  
e os pobos con rectitude. **R.**

## SEGUNDA LECTURA

### **Desbordou a gracia de Deus para tó dolos homes**

Lectura da carta do apóstolo san Paulo a Tito **2, 11-14**

Benquerido irmán:

A gracia de Deus manifestouse como fonte de salvación para tó dolos homes. Ela ensínanos que reneguemos da impiedade e das cobizas mundanas e vivamos no mundo presente dun xeito asisado, xusto e piadoso, agardando a bendita esperanza e a manifestación gloriosa do noso gran Deus e Salvador, Xesús Cristo.

El entregouse por nós, para nos redimir de toda iniquidade e purificar para si un pobo escollido, dedicado ás boas obras.

Palabra do Señor.

Aleluia Lc 2, 10-11

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Anúnciovos un inmenso gozo:  
hoxe nacéuno-lo Salvador, Cristo o Señor.  
Aleluia.

## EVANXEO

### Hoxe nacéuno-lo Salvador

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 2, 1-14

Naqueles días, saíu un decreto do emperador Augusto, ordenando facer un censo do mundo enteiro. Este primeiro censo fíxose no tempo en que Quirino era gobernador de Siria. E todos íanse empadroar, cadaquén á súa cidade. Tamén subiu Xosé desde Galilea, da cidade de Nazaret, ata Xudea, á cidade de David chamada Belén, por ser el da casa e da familia de David, para empadroarse con María, a súa prometida, que estaba embarazada.

Estando alí, chegoulle a María o tempo do parto, e deu a luz o seu fillo primoxénito, envolveuno nuns capizos, e deitouno nunha manxadoira, porque dentro da pousada non había lugar para eles.

Había naquela comarca uns pastores que pasaban a noite ó descuberto vixiando o seu rabaño. Presentóuselles un anxo do Señor, e a gloria do Señor rodeounos co seu resplandor, e colleunos un gran temor. Pero o anxo díxolles:

—«Non teñades medo, que vos veño trae-la boa nova dunha grande alegria para todo o pobo: Hoxe, na cidade de David, naceuvos un Salvador, o Mesías, o Señor. E este será o sinal para vós: Atoparedes un neno, envolto en capizos e deitado nunha manxadoira.»

E, de súpeto, arredor do anxo apareceu unha multitudine do exército celestial, que loaba a Deus dicindo:

—«Gloria a Deus no ceo, e na terra paz ós homes que gozan do seu amor.»

Palabra do Señor.

Nas misas que se celebran o día de Nadal utilízanse os formularios aquí sinalados; non obstante, permítense elixi-las lecturas más aptas dunha das tres misas, tendo en conta a conveniencia pastoral de cada asemblea.

15.-

## MISA DO AMENCER

### PRIMEIRA LECTURA

**Velaí vén a túa salvación**

Lectura do libro do profeta Isaías 62, 11-12

Velaí o Señor que se fai oír ata o cabo do mundo:

«Dicídelle á filla de Sión:

Velaí chega o teu Salvador.

Velaí a súa paga con El,  
e a súa recompensa diante del.

Entón chamaráselles: “Pobo santo”,

“Os redimidos do Señor”,  
e a ti chamaráseche “Buscada”,  
“Cidade non abandonada”.»

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial Sal 96, 1 e 6. 11-12**

R.: Unha luz resplandeceu hoxe sobre nós,  
porque nos naceu o Señor.

O Señor reina, alégrese a terra,  
exulten tódalas illas.  
Os ceos pregoan a súa rectitude,  
e tó dolos pobos contemplan a súa gloria. R.

A luz despunta para os xustos  
e para os rectos de corazón a ledicia.  
Alegrádevos, xustos, no Señor,  
loade o seu nome santo. R.

## SEGUNDA LECTURA

### **Salvounos segundo a súa misericordia**

Lectura da carta do apóstolo san Paulo a Tito 3, 4-7

Benquerido irmán:

Cando apareceu a bondade de Deus, noso Salvador, e se manifestou o seu agarimo, salvounos non polas obras boas que nós tiveramos feito, senón pola súa misericordia, por medio do baño do novo nacemento e polo poder renovador do Espírito Santo.

Ese Espírito que verteu sobre nós con abundancia, por Xesús Cristo, noso Salvador, a fin de que, xustificados pola súa gracia, chegasemos a ser en esperanza herdeiros da vida eterna.

Palabra do Señor.

**Aleluia Lc 2, 14**

**Se non se canta, pódese omitir.**

Aleluia, aleluia.

Gloria a Deus nas alturas,  
e sobre a terra paz para os homes de boa vontade.  
Aleluia.

## EVANXEO

### **Os pastores encontraron a María e a Xosé e ó neno**

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 2, 15-20

Cando os anxos se retiraron marchándose ó ceo, os pastores dicíanse uns a outros:

—«Vaiamos a Belén ve-lo que sucedeu e que o Señor nos manifestou.»

Foron correndo, e atoparon a María e mais a Xosé, e ó neno deitado na manxadoira. Ó que o viron, contaron todo o que lles dixeran do meniño aquel.

E cantos o oíron, quedaron pasmados do que os pastores lles dixeran.

María, que trataba de comprender, conservaba todas estas cousas no seu corazón.

Os pastores volveron, glorificando e loando a Deus por canto viran e oíran, tal como lles fora anunciado.

Palabra do Señor.

16.-

## MISA DO DÍA

### PRIMEIRA LECTURA

**Tódolos pobos da terra percibirán a salvación do noso Deus**

Lectura do libro do profeta Isaías 52, 7-10

¡Que fermosos son sobre os montes  
os pés do mensaxeiro de boas novas,  
que anuncia a fartura,  
que proclama a felicidade,  
que pregoa a salvación,  
que di:  
Sión, o teu Deus reina!

¡Un grito! Os teus vixías levantan a voz,  
berran xubilosos a un tempo:  
«Tódolos ollos contemplarán a volta do Señor a Sión».  
Berrade a coro con xúbilo, ruínas de Xerusalén,  
que o Señor consolou o seu pobo, redimiu Xerusalén.  
O Señor remangou o seu brazo santo ós ollos de tódolos pobos,  
e tódolos confíns da terra viron a salvación do noso Deus.

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial Sal 97, 1. 2-3ab. 3cd-4. 5-6 (R.: 3c)**

R.: Os confíns todos da terra percibiron a victoria do noso Deus.

Cantade ó Señor un cántico novo,  
pois fixo marabillas;  
a súa destra deulle a victoria,  
o seu brazo santo. R.

O Señor dá a coñece-la súa victoria,  
revela a súa xustiza diante dos pobos.

Lembrou a súa misericordia e a súa fidelidade  
coa casa de Israel. R.

Os confíns todos da terra percibiron  
a victoria do noso Deus.  
Aclama ó Señor, terra enteira,  
rompede a cantar e a tocar. R.

Tocade para o Señor a cítara,  
a cítara e tamén o salterio;  
con claríns e co son das trompetas  
aclamade o Señor, noso rei. R.

## SEGUNDA LECTURA

### Deus falounos por medio do Fillo

Lectura da carta ós Hebreos 1, 1-6

Irmáns:

En moitas ocasións e de moitos xeitos veulles falando Deus en tempos pasados ós nosos devanceiros por medio dos profetas. Ago-  
ra, neste período definitivo, falounos por medio do seu Fillo, a quen fixo herdeiro de todo, pois xa creara por medio del o mundo e as idades. El é reflexo da súa gloria e imaxe do seu ser, El sostén tódalas cousas coa súa poderosa palabra e, despois de realiza-la purificación dos pecados, sentouse á dereita da Maxestade nas alturas, facéndose tanto máis poderoso cós anxos, canto que herdou un título máis valioso có deles.

Porque ¿a cal dos anxos lle dixo algunha vez: «Ti e-lo meu fillo, hoxe enxendreite eu»; ou tamén: «Eu serei para El un pai e El será para min un Fillo»?

E cando introduce de novo o seu Fillo primoxénito ó mundo celeste, di: «Adóreno tódolos anxos de Deus.»

Palabra do Señor.

**Aleluia**

Se non se canta, pódese omitir.

**Aleluia, aleluia.**

Resplandeceu para nós un día de santificación:  
vinde todos e adorade o Señor:  
porque hoxe descendeu unha inmensa luz sobre a terra.  
**Aleluia.**

**EVANXEO****O Verbo fixose carne e habitou entre nós****+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 1, 1-18**

No principio existía a Palabra,  
e a Palabra estaba onda Deus,  
e a Palabra era Deus.

Ela estaba no principio onda Deus.

Todo foi feito por ela,  
e sen ela non se fixo  
nada do que foi feito.

Nela estaba a vida,  
e a vida era a luz dos homes;  
a luz alumia na tebra,  
e a tebra non a deu apagado.

Houbo un home  
mandado por Deus:  
o seu nome era Xoán.

Este veu de testemuña  
para dar testemuño da luz,  
para que todos cresen por el.

Non era el a luz,  
senón que veu para dar testemuño da luz.

A Palabra era a verdadeira luz  
que alumia a todo home  
que vén a este mundo.

Ela estaba no mundo,  
e o mundo foi feito por ela,  
pero o mundo non a recoñeceu.  
Veu á súa propiedade,  
e os seus non a acollerón.  
Pero a cantos a recibiron,  
—ós que cren no seu nome—  
délle-lo poder  
de seren fillos de Deus.  
Estes, non naceron do sangue,  
nin da vontade da carne,  
nin da vontade do home,  
senón de Deus.  
E a Palabra fíxose carne,  
e plantou entre nós a súa tenda,  
e nós vímo-la súa gloria,  
gloria coma de Unixénito  
que vén do Pai,  
cheo de gracia e de verdade.  
Xoán dá testemuño del,  
exclamando:  
«Este évos de quen eu dixen:  
“O que vén detrás miña,  
pasa diante miña,  
pois existía primeiro ca min.”»  
E da súa abundancia  
recibimos todos nós  
gracia e más gracia.  
Pois a Lei deuse  
por medio de Moisés;  
a gracia e a verdade  
realizáronse por Xesús Cristo.  
A Deus ninguén o viu;  
o Unixénito, que está no seo do Pai,  
foi quen nolo revelou.

Palabra do Señor.

Ou máis breve:

Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 1, 1-5. 9-14

No principio existía a Palabra,  
e a Palabra estaba onda Deus,  
e a Palabra era Deus.

Ela estaba no principio onda Deus.  
Todo foi feito por ela,  
e sen ela non se fixo  
nada do que foi feito.

Nela estaba a vida,  
e a vida era a luz dos homes;  
a luz alumia na tebra,  
e a tebra non a deu apagado.

A Palabra era a verdadeira luz  
que alumia a todo home  
que vén a este mundo.

Ela estaba no mundo,  
e o mundo foi feito por ela,  
pero o mundo non a recoñeceu.

Veu á súa propiedade,  
e os seus non a acollerón.

Pero a cantos a recibiron,  
—ós que creñ no seu nome—  
delle-lo poder  
de seren fillos de Deus.

Estes, non naceron do sangue,  
nin da vontade da carne,  
nin da vontade do home,  
senón de Deus.

E a Palabra fíxose carne,  
e plantou entre nós a súa tenda,  
e nós vímo-la súa gloria,  
gloria coma de Unixénito  
que vén do Pai,  
cheo de gracia e de verdade.

Palabra do Señor.

17.-

## Domingo dentro da Oitava de Nadal

# A SAGRADA FAMILIA: XESÚS, MARÍA E XOSÉ

Os anos en que non hai ningún domingo entre os días 25 de decembro e 1 de xaneiro e, por conseguinte, esta festa celébrase o día 30 de decembro, lese unha soa lectura antes do evanxeo.

### PRIMEIRA LECTURA

#### **Quen teme o Señor honra os pais**

Lectura do libro do Eclesiástico 3, 3-7. 14-17a (gr. 2-6. 12-14)

O Señor honrou o pai máis cós fillos  
e afincou o dereito da nai sobre o dos nenos.  
Quen honra a seu pai redime as culpas.  
Quen enxalta a súa nai é coma quen atesoura.  
Quen honra a seu pai gozará dos fillos  
e cando vaia pregar será atendido.  
O que respecta o pai terá vida longa  
e quen obedece ó Señor daralle consolo a súa nai  
Meu fillo, persevera no honrar a teu pai,  
non o desatendas nos días da túa vida.  
Aínda que perda o xuízo, tenlle miramento  
e non o aldraxes todo o tempo que viva.  
O ben que se lle faga a un pai non será borrado,  
hache valer como compensación do pecado.  
No día da proba teráse che en conta;  
coma coa calor a xeada esluiranse as túas culpas.

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial Sal 127, 1-2. 3. 4-5 (R.: cf. 1)**

**R.:** Ditosos os que temen o Señor e van polos seus camiños.

Ditosos os que temen o Señor,  
os que seguen os seus camiños.  
Comerás do traballo das túas mans,  
serás ditoso, serás afortunado. **R.**

A túa muller coma parra fecunda  
no interior da túa casa;  
os teus fillos coma gromos de oliveira  
arredor da túa mesa. **R.**

Así será bendito  
o home que teme o Señor.  
Que o Señor te bendiga desde Sión,  
que goces coa prosperidade de Xerusalén  
tódolos días da túa vida. **R.**

## SEGUNDA LECTURA

### Vida familiar na presencia do Señor

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Colosenses **3, 12-21**

Irmáns:

Como elixidos de Deus, santos e benqueridos, revestídevos de sentimentos de misericordia, de bondade, de humildade, de sinxeleza, de tolerancia. Aturádevos uns ós outros e perdoádevos, cando un teña queixa doutro; coma o Señor vos perdoou, perdoádevos tamén vós.

E, por riba de todo isto, cinguídevos co amor, que é o lazo que todo o une e leva á perfección. Que a paz de Cristo governe os vosos corazóns, xa que a ela vos chamaron coma membros dun mesmo corpo. E sede agradecidos.

Que a palabra de Cristo habite en vós con toda a súa riqueza. Ensinádevos e alentádevos uns a outros o mellor que saibades. Co corazón cheo de agradecemento cantádelle a Deus salmos, himnos e cántigas inspiradas.

E todo canto fagades, de palabra ou de obra, facédeo para honra de Xesús, o Señor, dándolle gracias a Deus Pai por medio del.

Mulleres, sede dóciles ós vosos homes como cómpre a unha muller cristiá. Homes, amade as vosas mulleres e non sexades ríspidos con elas.

Fillos, sede ben guiados en todo cos vosos pais, que isto é cousa agradable ó Señor. Pais, non asoballéde-los vosos fillos, para que non saian coitados.

Palabra do Señor.

**Aleluia Col 3, 15a. 16a**

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Que a paz de Cristo reine nos vosos corazóns;  
que a palabra de Cristo habite abondosamente en vós.  
Aleluia.

## EVANXEO

### **Xesús é encontrado polos seus pais no medio dos doutores**

#### **+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 2, 41-52**

Polas festas da Pascua, os pais de Xesús ían tódolos anos a Xerusalén. E así, cando el tivo doce anos, subiron á festa conforme a tradición. Pasados aqueles días, cando eles volvíán, o neno Xesús quedou en Xerusalén, sen que os seus pais se decatasen.

Coidando que iría na comitiva, fixeron unha xornada de camiño; entón buscárono entre os parentes e coñecidos; pero como non deron con el, volveron buscándoo a Xerusalén.

Ó cabo de tres días, atopárono no templo, sentado no medio dos doutores, escoitándoos e facéndolles preguntas. A súa intelixencia e as súas contestacións deixaban asombrados a cantes o escoitaban. Cando o viron seus pais, ficaron moi impresionados; e a súa nai díxolle:

—«Filho, ¿por que te portaches así connosco? Mira que teu pai e mais eu andabamos cheos de angustia en busca túa.»

E dilles el:

—«¿Por que me buscabades? ¿Non sabiades que eu teño que estar na casa de meu Pai?»

Pero eles non entenderon o que lles dicía.

Baixou con eles a Nazaret, e estáballes sometido. A súa nai conservaba todas estas cousas no seu corazón.

Xesús medraba en sabedoría, en idade e en gracia diante de Deus e mais dos homes.

Palabra do Señor.

*Ad libitum para o ano C:*

### PRIMEIRA LECTURA

**Samuel, o neno pedido, será para o servicio do Señor mentres viva**

Lectura do libro primeiro de Samuel 1, 20-22. 24-28

Naqueles días, Ana concibiu e logo deu a luz un fillo, a quen lle puxo o nome de Samuel, porque llo pedira ó Señor.

A volta dun ano, o seu home Elcanah subiu con toda a familia ofrece-lo sacrificio anual e cumpli-la promesa. Pero Ana non subiu, aclarándolle ó seu home:

—«Deixa que destete o neno. Entón levareino, presentareillo ó Señor, e que quede alí para sempre.»

Chegado ese momento, Ana subiu con el a Xiloh, ó santuario do Señor, levando consigo un becerro de tres anos, unha fanega de fariña e un pelello de viño.

Sacrificado o becerro, Ana presentoulle o neno a Elí, dicindo:

—«Co teu permiso, señor. Pola túa vida, eu son aquela muller que estivo aquí, diante de ti, rezándolle ó Señor. Pedíalle este neno e o Señor concedeume o favor que lle pedía. Agora son eu quen llo cedo ó Señor para mentres viva. Será un cedido ó Señor.»

Despois diso adoraron o Señor.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 83, 2-3. 5-6. 9-10 (R.: cf. 5a)

R.: Ditosos os que habitan na túa casa, Señor.

¡Que desexables son as túas moradas,  
Señor do universo!  
A miña alma ten saudade,  
devece polos teus adros;  
o meu corazón e todo o meu corpo  
reloucan polo Deus vivo. R.

Ditosos os que habitan na túa casa  
e decote te loan.

Ditoso o que atopa a força en ti  
cando planea a súa peregrinación. R.

Señor, Deus dos exércitos,  
oe a miña súplica,  
escoita, Deus de Israel.  
Repara, Deus, no noso Escudo,  
mira o rostro do teu Unxido. R.

## SEGUNDA LECTURA

**¡Somos chamados fillos do señor, e fillos somos!**

Lectura da primeira carta de san Xoán 3, 1-2. 21-24

Meus amigos:

Vede o moito que nos quixo o Pai, para nos chamarmos fillos de Deus e sérmolo de verdade. Por iso o mundo non nos recoñece: porque tampouco non o recoñeceu a El.

Meus amigos, xa somos fillos de Deus, pero aínda non está á vista o que seremos; sabemos que cando Xesús apareza, nós seremos coma el, xa que o veremos tal e como é.

Meus amigos, se o corazón non nos acusa, temos confianza para nos achegar a Deus e El dáno-lo que lle pidamos, porque cumplimos cos seus mandamentos e facémo-lo que a El lle agrada.

Isto é o que El manda: que creamos no seu Fillo Xesús Cristo e que nos queiramos ben uns ós outros, como el nos mandou.

O que cumpre cos seus mandamentos está en comuñón con Deus,  
e Deus en comuñón con el: coñecemos que Deus está en comuñón  
connosco polo Espírito que nos deu.

Palabra do Señor.

**Aleluia Cf. Feit 16, 14b**

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Abre, Señor, o noso corazón,  
para que comprendámo-las palabras do teu Fillo.  
Aleluia.

### EVANXEO

Coma no ano C, p. 34.

18.-

## Día 1 de xaneiro

NA OITAVA DO NADAL DO SEÑOR

# SOLEMNIDADE DE SANTA MARÍA NAI DE DEUS

## PRIMEIRA LECTURA

**Invocarán o meu nome a prol dos fillos de Israel e Eu bendicireinos**

Lectura do libro dos Números 6, 22-27

Naquel día, o Señor faloulle a Moisés:

—«Dilles a Aharón e a seus fillos: Desta maneira habedes de bendici-los fillos de Israel:

“Que o Señor te bendiga e te garde;  
que faga brilla-lo seu rostro sobre ti  
e che conceda a súa gracia;  
que o Señor volva os seus ollos cara a ti  
e che dea a súa paz.”

Invocarán así o meu nome en favor dos fillos de Israel e eu bendicireinos.»

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial Sal 66, 2-3. 5. 6 e 8 (R.: 2a)**

R.: Deus teña piedade de nós e nos bendiga.

Deus teña piedade de nós e nos bendiga,  
faga brilla-lo seu rostro sobre nós.  
Que se coñeza na terra o teu camiño,  
en tódalas nacións a túa salvación. R.

Alégreñense e canten as nacións,  
porque xúlga-los pobos rectamente  
e na terra gobérna-las nacións. R.

Lóente os pobos, oh Deus,  
lóente tódolos pobos.  
Que nos bendiga Deus e que o teman  
os confíns todos do mundo. R.

## SEGUNDA LECTURA

### **Deus mandóuno-lo seu Fillo, nacido de muller**

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Gálatas 4, 4-7

Irmáns:

Así que chegou a plenitude dos tempos, Deus mandóuno-lo seu Fillo, nacido de muller e suxeito á Lei, para rescata-los que estabamos baixo a Lei de xeito que puidesemos recibi-la adopción de fillos.

A proba de que sodes fillos del é que Deus mandou ós vosos corazóns o Espírito do seu Fillo que exclama ¡Abbá! (que quere dicir ¡meu Pai!).

Polo tanto, ti xa non es escravo, senón fillo.

E, por seres fillo, tamén, gracias a Deus, es herdeiro.

Palabra do Señor.

**Aleluia Heb 1, 1-2**

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

En moitas ocasións, e de moitos xeitos, veulles falando Deus ós nosos devanceiros por medio dos profetas;  
ultimamente falounos por medio do Fillo.

Aleluia.

**EVANXEO**

**Encontraron a María e a Xosé e o neno.  
E despois de oito días puxéronlle de nome Xesús.**

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 2, 16-21

Naquel tempo, os pastores foron correndo, e atoparon a María e mais a Xosé, e o neno deitado na manxadoira. Ó que o viron, contaron todo o que lles dixeran do meniño aquel.

E cantos o oíron, quedaron pasmados do que os pastores lles dixerón.

María, que trataba de comprender, conservaba todas estas cousas no seu corazón.

E os pastores volveron, glorificando e loando a Deus por canto oíran e viran, todo como lles fora anunciado.

Ós oito días tocaba circuncida-lo neno e puxéronlle de nome Xesús, tal como o chamara o anxo antes da súa concepción.

Palabra do Señor.

19.-

## DOMINGO II DESPOIS DE NADAL

cando a solemnidade da Epifanía se celebra o día 6 de xaneiro

### PRIMEIRA LECTURA

#### A sabedoría de Deus habitará no pobo elixido

Lectura do libro do Eclesiástico 24, 1-4. 12-16 (gr. 1-2. 8-12)

A Sabedoría fai a propia loanza  
e gábase no medio do seu pobo.

Abre a boca na asemblea do Altísimo,  
proclama a súa gloria diante do seu exército.

No medio do seu pobo será exaltada  
e admirada na asemblea dos santos;  
recibirá loanzas das multitudes dos elixidos  
e será bendicida entre os benditos.

Foi entón cando o creador universal me ordenou  
e o que me formou fíxome planta-la tenda dicíndome:  
—«Afinca en Xacob, colle por herdanza a Israel.»

Antes dos séculos, desde o comezo, creoume  
e endexamais deixarei de existir;  
oficiei na súa tenda santa, diante del,  
e deste modo estableceume en Sión;  
do mesmo xeito, fíxome acougar na súa cidade amada,  
Xerusalén, onde goberno.

Botei raiceiras nun pobo de moita sona  
e teño a miña herdanza na parcela do Señor.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 147, 12-13. 14-15. 19-20 (R.: Xn 1, 14)

R.: O Verbo fíxose carne, e habitou entre nós.

Ou:

Aleluia.

Glorifica o Señor, Xerusalén,  
loa, Sión, o teu Deus,  
que reforza os ferrollos das túas portas,  
e bendí os teus fillos no teu seo. R.

El establece paz nos teus confíns,  
é el quen te farta con flor de trigo.  
El mándalle á terra a súa mensaxe,  
e a súa palabra corre lixeira. R.

Anuncia a súa palabra a Xacob,  
os seus estatutos e mandatos a Israel.  
Non fixo así cos outros pobos,  
non lles manifestou os seus mandatos. R.

## SEGUNDA LECTURA

**Predestinounos a sermos fillos de adopción por medio de Xesús**

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Efesios 1, 3-6. 15-18

Bendito sexa Deus,  
o Pai do noso Señor Xesús Cristo,  
que nos bendiciu con toda bendición espiritual nos ceos,  
en Cristo.

Nel escolleunos, antes creación do mundo,  
para que fosemos santos  
e sen mancha na súa presencia polo amor.

El predestinounos a sermos seus fillos adoptivos,  
por medio de Xesús Cristo,  
conforme o designio da súa vontade,  
para loanza da súa gloria e da súa gracia,  
que xenerosamente derramou sobre nós,  
por medio do seu Fillo benquerido.

Salmo responorial Sal 28, 1a e 2. 3ac-4. 3b e 9b-10 (R.: 11b)

R.: O Señor ha bendici-lo seu pobo coa paz.

Tributádelle ó Señor, fillos de Deus,  
tributádelle ó Señor gloria do seu nome,  
adorade o Señor no seu atrio sagrado. R.

A voz do Señor sobre as augas,  
o Señor sobre as augas copiosas.  
A voz do Señor é poderosa,  
a voz do Señor é maxestosa. R.

O Deus glorioso fai tronar.  
No seu santuario todo di: «¡Gloria!»  
O Señor sentou sobre as augas,  
o Señor senta como rei eterno. R.

## SEGUNDA LECTURA

### Unxiuno Deus co Espírito Santo

Lectura do libro dos Feitos dos apóstolos 10, 34-38

Naqueles días, tomou Pedro a palabra e dixo:

—«Abofé, vexo que Deus non fai distinción de persoas, senón que acepta a quen lle é fiel e practica a xustiza, sexa da nación que sexa.

El mandóulle-la súa palabra ós fillos de Israel, anunciándolle-la Boa Nova da paz por Xesús Cristo: este é o Señor de todos.

Vós sabéde-lo que pasou en toda a Xudea, comenzando desde Galilea, despois do bautismo que Xoán predicou: como Deus unxiu con Espírito Santo e con poder a Xesús de Nazaret, que pasou facendo o ben e curando a tódolos que estaban asoballados por Satán; pois Deus estaba con el.»

Palabra do Señor.

Por iso, tamén eu, tendo oído falar da vosa fe no Señor Xesús e do voso amor a tó dolos crentes, non paro de lle dar gracias a Deus por vós, recordándovos nas miñas oracións, de xeito que o Deus do noso Señor Xesús Cristo, o Pai da gloria, vos conceda espírito de sabedoría e de revelación, para o coñecer ben; que manteña iluminados os ollos da vosa alma, para que comprendades cal é a esperanza da súa chamada, e cal a riqueza da gloria da súa herdanxa nos crentes.

Palabra do Señor.

**Aleluia Cf. 1 Tim 3, 16**

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Gloria a ti, Cristo, predicado a tó dolos pobos;  
gloria a ti, Cristo, a quen se cre no mundo enteiro.  
Aleluia.

### EVANXEO

#### O Verbo fixose carne e habitou entre nós

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 1, 1-18

No principio existía a Palabra,  
e a Palabra estaba onda Deus,  
e a Palabra era Deus.

Ela estaba no principio onda Deus.

Todo foi feito por ela,  
e sen ela non se fixo  
nada do que foi feito.

Nela estaba a vida,  
e a vida era a luz dos homes;  
a luz alumia na tebra,  
e a tebra non a deu apagado.

Houbo un home  
mandado por Deus:  
o seu nome era Xoán.

Este veu de testemuña  
para dar testemuño da luz,  
para que todos cresen por el.  
Non era el a luz,  
senón que veu para dar testemuño da luz.  
A Palabra era a verdadeira luz  
que alumia a todo home  
que vén a este mundo.  
Ela estaba no mundo,  
e o mundo foi feito por ela,  
pero o mundo non a recoñeceu.  
Veu á súa propiedade,  
e os seus non a acolleran.  
Pero a cantes a recibiron,  
—ós que cren no seu nome—  
déulle-lo poder  
de seren fillos de Deus.  
Estes, non naceron do sangue,  
nin da vontade da carne,  
nin da vontade do home,  
senón de Deus.  
E a Palabra fíxose carne,  
e plantou entre nós a súa tenda,  
e nós vímo-la súa gloria,  
gloria coma de Unixénito  
que vén do Pai,  
cheo de gracia e de verdade.  
Xoán dá testemuño del,  
exclamando:  
«Este évos de quen eu dixen:  
“O que vén detrás miña,  
pasa diante miña,  
pois existía primeiro ca min.”»  
E da súa abundancia  
recibimos todos nós  
gracia e más gracia.  
Pois a Lei deuse  
por medio de Moisés;

a gracia e a verdade  
realizáronse por Xesús Cristo.  
A Deus ninguén o viu;  
o Unixénito, que está no seo do Pai,  
foi quen nolo revelou.

Palabra do Señor.

---

Ou máis breve:

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 1, 1-5. 9-14

No principio existía a Palabra,  
e a Palabra estaba onda Deus,  
e a Palabra era Deus.  
Ela estaba no principio onda Deus.  
Todo foi feito por ela,  
e sen ela non se fixo  
nada do que foi feito.  
Nela estaba a vida,  
e a vida era a luz dos homes;  
a luz alumna na tebra,  
e a tebra non a deu apagado.  
A Palabra era a verdadeira luz  
que alumna a todo home  
que vén a este mundo.  
Ela estaba no mundo,  
e o mundo foi feito por ela,  
pero o mundo non a recoñeceu.  
Veu á súa propiedade,  
e os seus non a acollerón.  
Pero a cantes a recibiron,  
—ós que cren no seu nome—  
déulle-lo poder  
de seren fillos de Deus.  
Estes, non naceron do sangue,  
nin da vontade da carne,  
nin da vontade do home,  
senón de Deus.

E a Palabra fíxose carne,  
e plantou entre nós a súa tenda,  
e nós vímo-la súa gloria,  
gloria coma de Unixénito  
que vén do Pai,  
cheo de gracia e de verdade.

Palabra do Señor.

---

20.-

## Día 6 de xaneiro

ou ben domingo que cadra entre os días 2 ó 8 de xaneiro

# EPIFANÍA DO SEÑOR

## PRIMEIRA LECTURA

### A gloria do Señor resplandeceu sobre ti

Lectura do libro do profeta Isaías 60, 1-6

Levantate, brilla, que a túa luz xa chegou;  
si, a gloria do Señor resplandece sobre ti.

Pois, olla, a escuridade cobre a terra  
e a negrura os pobos,  
pero sobre ti resplandece o Señor  
e a súa gloria faise ver sobre ti.

Certo que os pobos camiñarán coa túa luz  
e os reis co resplandor do teu alborexar.

Levanta os teus ollos arredor,  
todos estes xuntáronse, viñeron a ti.

Os teus fillos veñen de lonxe  
e as túas fillas son traídas no colo.

Entón, cando o vexas, estarás radiante  
e o teu corazón latexará e ensanchará,  
pois as riquezas do mar traeránchese a ti  
e os bens dos pobos virán para ti.

Estarás cuberta dunha chea de camelos,  
de dromedarios novos de Madián e de Efah.

Todos eles virán de Sabá.

Virán cargados de ouro e incenso,  
e proclamarán ledos a loanza do Señor.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 71, 2. 7-8. 10-11. 12-13 (R.: cf. 11)

R.: Hante adorar, Señor, tódolos reis da terra.

Que rexia o teu pobo con xustiza,  
e os teus pobres con equidade. R.

Florecerá a xustiza nos seus días,  
unha prosperidade duradeira coma a lúa.  
Dominará de mar a mar,  
desde o gran río ata o cabo da terra. R.

Ofreceranlle regalos os reis de Tárxis e das illas,  
os reis de Saba e de Sebá pagaranlle tributo.  
Prostraránse perante el tódolos reis da terra,  
servirano tódalas nacións. R.

El librará o pobre que suplica,  
o aflixido que está sen axuda.  
Terá piedade do feble e do indixente,  
e salvará a vida dos pobres. R.

## SEGUNDA LECTURA

**Xa se nos revelou que os pobos son coherdeiros da promesa**

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Efesios 3, 2-3a. 5-6

Irmáns:

Cido que oístes falar da encomenda que a gracia de Deus me fixo en favor voso: xa que por medio dunha revelación se me deu a coñece-lo misterio, que noutras xeracións non se lle dera a coñecer á humanidade como agora llelo manifesta o Espírito ós seus santos apóstolos e profetas: que os xentís son parceiros, membros do mesmo corpo e copartícipes da promesa en Cristo Xesús polo Evanxeo.

Palabra do Señor.

**Aleluia Mt 2, 2**

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Vímo-la súa estrela en oriente,  
e viñemos para adora-lo Señor.  
Aleluia.

### EVANXEO

#### Viñemos de oriente adora-lo rei

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 2, 1-12

Xesús naceu en Belén de Xudea, en tempos do rei Herodes. E nisto uns magos de Oriente chegaron a Xerusalén preguntando:

—«¿Onde está o Rei dos xudeus que acaba de nacer? Porque vimos saí-la súa estrela alá no Oriente, e vimos para lle render homenaxe.»

Oíndo isto, o rei Herodes alporizouse, e con el toda Xerusalén. Convocou a tódolos sacerdotes e letrados do pobo, para lles pre-guntar onde tiña que nace-lo Mesías. Eles responderon:

—«En Belén de Xudea, que así o deixou escrito o profeta:

“E ti Belén, terra de Xudea,  
de ningún xeito e-la más pequena,  
entre as vilas de Xudea,  
que de ti ha saí-lo guía  
que será o pastor do meu pobo Israel.”»

Entón Herodes, ás agachadas, chamou polos magos, para se informar ben de cando lles aparecera a estrela. Logo mandounos a Belén, dicíndolles:

—«Ide e informádevos ben do que hai dese neno; e unha vez que o atopedes, avisádemel, para ir eu tamén a lle render homenaxe.»

Eles, despois de oíren o rei, puxéronse en camiño. E, velaí, a estrela que viran saír no Oriente foinos guiando ata se deter enriba de onde estaba o neno. Grande alegría sentiron ó veren saír de novo a estrela.

E cando entraron na casa atoparon o neno con María, súa nai. Prostráronse e rendéronlle homenaxe; logo, abrindo os seus tesouros, ofrecéronlle como regalo ouro, incenso e mirra. Logo, avisados en soños de que non volvesen por onda Herodes, saíron para a súa terra por outro camiño.

Palabra do Señor.

21.-

## Domingo despois do 6 de xaneiro

# O BAUTISMO DO SEÑOR

Nos lugares onde a solemnidade da Epifanía se traslada ó domingo, e este domingo cae nos días 7 ou 8 de xaneiro e, polo tanto, a festa do Bautismo do Señor trasládase ó luns inmediato, lese unha soa lectura antes do evanxeo.

### PRIMEIRA LECTURA

#### Velaquí o meu servo en quen eu me comprazo

Lectura do libro do profeta Isaías 42, 1-4. 6-7

Isto di o Señor:

«Velaí o meu servo, a quen teño collido da man;  
velaí o meu escollido no que eu me comprazo.

Teño posto sobre el o meu espírito:  
dictaralles sentencia xusta ás nacións.

Non berrará,  
non levantará a súa voz nin a fará oír nas rúas.

Canivela fendida non a romperá,  
e torcida esmorecente non a apagará.

Con fidelidade proclamará a xustiza,  
non desfalecerá nin crebará  
ata establecer na terra a xustiza,  
e a súa lei, que esperan as nacións.

Eu, o Señor, chameite por causa da xustiza,  
collinte pola man e protexinte,  
e convertinte en Alianza dun pobo e en luz das nacións,  
para que lles ábra-los os ollos ós cegos,  
para que libres do cárcere ós presos,  
da prisión ós que viven na escuridade.»

Palabra do Señor.

**Aleluia Cf. Mc 9, 6**

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Abríronse os ceos e tronou a voz do Pai:  
 «Este é o meu Fillo predilecto; escoitádeo.»  
 Aleluia.

## EVANXEO

**Bautizado Xesús, e cando estaba en oración, abriuse o ceo**

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 3, 15-16. 21-22

Naquel tempo, como o pobo estaba esperando polo Mesías, empezaba a pensar se acaso non o sería Xoán; pero el declarou diante de todos:

—«Eu bautízovos con auga, pero está a chegar o que é máis forte ca min, e a quen eu non son digno de lle desata-los amallós do seu calzado. El havos bautizar con Espírito Santo e con lume.»

Durante un bautismo xeral, e despois de se bautizar tamén Xesús, mentres oraba, abriuse o ceo e baixou sobre el o Espírito Santo na aparencia corporal dunha pomba. Entón oíuse unha voz desde o ceo:

—«Ti e-lo meu fillo benquerido, o meu predilecto; en ti me comprazo.»

Palabra do Señor.

Ad libitum para o ano C:

## PRIMEIRA LECTURA

**Revelarase a gloria do Señor e todos a verán**

Lectura do libro do profeta Isaías 40, 1-5. 9-11

«Consolade, consolade o meu pobo: —dío o voso Deus.  
 Faládelle ó corazón de Xerusalén; si, dicídelle ben alto  
 que a súa milicia está cumplida,  
 que a pena pola súa culpa está aceptada.  
 Si, xa recibiu da man do Señor  
 o dobre por tódolos seus pecados.»

Unha voz clama:

«No deserto preparádelle o camiño ó Señor.

Endereitádelle na estepa a calzada ó noso Deus.

Que todo val sexa levantado,

que todo monte e outeiro sexa rebaixado;

que a terra fragosa se volva unha chaira;

e as ladeiras, un val achanzado.

Pois vaise revela-la gloria do Señor, e toda carne verá o Único.

Falou a boca do Señor.»

Sube a un monte alto, mensaxeira de Sión,

levanta con forza a túa voz, mensaxeira de Xerusalén,

levántaa, non teñas medo.

Dilles ás cidades de Xudá: «Velaí o noso Deus.

Velaí o meu Señor que chega con poder;

si, o seu brazo domina.

Velaí a súa paga con el,

o seu xornal diante del.

Igual ca un pastor, pastorea o seu rabaño, recólleo co seu brazo,

leva os añños no seo e protexe os que áinda maman.»

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial Sal 103, 1b-2. 3-4. 24-25. 27-28. 29-30 (R.: 1)**

**R.: Alma miña, bendí o Señor.**

Señor, meu Deus, ¡que grande es!

Señor, meu Deus, ti es moi grande,

vestido de gloria e maxestade,

envolto en luz coma nun manto.

Ti esténde-lo ceo coma unha tenda. **R.**

Constrúe-la túa morada sobre as augas;

ti po-las nubes por carro

e camiñas nas ás do vento.

Dos ventos fas mensaxeiros;

das labaradas de lume, os teus ministros. **R.**

¡Cantas son, Señor, as túas obras,

todas feitas con saber!

A terra está chea das túas criaturas.  
 Alá o mar grande e espacioso,  
 con réptiles que non se contan,  
 con animais pequenos e grandes. **R.**

Todos agardan de ti  
 que lles botes comida ó seu tempo.  
 Cando a botas, atrápana;  
 abre-la man, e fártanse de bens. **R.**

Escónde-lo teu rostro, e estremecen;  
 retíra-lo teu alento, e expiran,  
 volvendo ó seu po.  
 Mánda-lo teu alento, e son creados  
 e renóva-la cara da terra. **R.**

## SEGUNDA LECTURA

### **Salvounos por medio do lavado de rexeneración e renovación do Espírito Santo**

Lectura da carta do apóstolo san Paulo a Tito **2, 11-14; 3, 4-7**

Benquerido irmán:

A gracia de Deus manifestouse como fonte de salvación para tódolos homes. Ela ensínanos que reneguemos da impiedade e das cobizas mundanas e vivamos no mundo presente dun xeito asisado, xusto e piadoso, agardando a bendita esperanza e a manifestación gloriosa do noso gran Deus e Salvador, Xesús Cristo.

El entregouse por nós, para nos redimir de toda iniquidade e purificar para si un pobo escollido, dedicado ás boas obras.

Cando apareceu a bondade de Deus, noso Salvador, e se manifestou o seu agarimo, salvounos non polas obras boas que nós tiveramos feito, senón pola súa misericordia, por medio do baño do novo nacemento e polo poder renovador do Espírito Santo.

Ese Espírito que verteu sobre nós con abundancia, por Xesús Cristo, noso Salvador, a fin de que, xustificados pola súa gracia, chegasemos a ser, en esperanza, herdeiros da vida eterna.

Palabra do Señor.

Aleluia Cf. Lc 3, 16

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Veu quen é máis forte ca min, dixo Xoán;  
El havos bautizar no Espírito Santo e no lume.  
Aleluia.

## EVANXEO

Coma no ano C, p. 53.

O domingo despois da festa do Bautismo do Señor comezan as lecturas dos domingos do tempo ordinario.